

Aprobada por 
en sesión de 17 JUL 1996 de 198
EL SECRETARIO



TITULO II:

CLASIFICACION E CALIFICACION DO MUNICIPAL. CHAN



Aprobado por *[Signature]*
17 JUL 1996
El SECRETARIO de 1996

2.1. CLASIFICACION

Aos efectos da aplicación das presentes Normas e Ordenanzas e dacordo cos artigos 77 e 78 do TRLS e 93 do R.P., así como co establecido no capítulo III da LASGA, a totalidade dos terreos do Termo Municipal de Fisterra clasifícase en: Chan Urbano, Chan Apto para Urbanizar e chan Non Urbanizable.

2.1.1. CHAN URBANO.

Conforme ao establecido no artigo 10 do TRLS e 91.1.b. do R.P. constitúen chan Urbano: os terreos comprendidos no perímetro que o define, atendendo a que reúnan algúns dos seguintes requisitos:

- a) Estar dotados de acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e suministro de enerxía eléctrica.
- b) Ter unha ordenación consolidada, por ocupar a edificación, alomenos, as dúas terceiras partes dos espazos aptos para a mesma, aínda que non contén con algún dos servicios citados no párrafo anterior, sempre que se axusten ao que, a respecto do tema, se conteña nestas N.S.M.F.; que no sustancial, seguen os criterios establecidos na Circular de 1 de marzo de 1987 da D.X. de O.T.U. e M.A. (DOG 12/5/1987).

As determinacións para este tipo de chan conteranse nas propias N.S.M.F. e, no seu caso, completaranse con Plans Especiais (de Protección, Reforma Interior e Mellora do Medio segundo os casos) ou con Estudos de Detalle.

2.1.2. CHAN APTO PARA URBANIZAR.

Dacordo co establecido no artigo 11 do TRLS, constitúen o chan apto para urbanizar: os terreos delimitados polo perímetro que define esta clase de chan, por entender que son os acaídos para esa función, en base aos criterios xerais establecidos nas presentes N.S.M.F.

A ordenación e urbanización dos terreos así clasificados efectuaráse mediante Plans Parciais e Proxectos de Urbanización, de conformidade co disposto nas presentes Normas Subsidiarias.



Planos
17 JUL 1996
SECRETARÍA de 1996

2.1.3. CHAN NON URBANIZABLE.

Constitúen esta clase de chan: os terreos que as N.S.M.F. exclúen do proceso urbanizador, ben por non reuni-las condicións necesarias para elo, en base aos obxetivos e criterios establecidos, ben porque teñen valores de seu que se desexa protexer conforme a eses criterios e tamén ás propias exixencias legais (artigo 12 do TRLS) e artigos 40 e seguintes da LASGA.

Aos efectos das posibilidades edificatorias nesta clase de chan, actuará-se en concordancia co sinalado no artigo 16 do TRLS distinguindo dous tipos de construcións:

a) As que se poden autorizar directamente por parte do Concello, a saber:

- As explotacións agrícolas que garden relación coa natureza e destino da finca, sempre e cando se axusten aos plans e normas dos órganos competentes en materia de agricultura e ao disposto na presente normativa.
- As construcións e instalacións vencelladas á execución, entretenimento e servicios das obras públicas.

b) As que para a súa materialización haberán de obter con carácter previo á concesión da licenza municipal, a autorización previa da Comisión Provincial de Urbanismo dacordo co procedemento establecido no artigo 16, 3, 2ª. do TRLS; isto é:

- As edificacións e instalacións de utilidade pública e interés social que precisen emplazarse no medio rural, sempre de conformidade ao establecido nas presentes N.S.M.F.
- Os edificios destinados a vivenda familiar nos lugares nos que non exista posibilidade de formación de núcleo de poboación, dacordo coas condicións que estas Normas establecen para a súa existencia, todo elo conforme ao disposto no artigo 16 do TRLS.

Neste solo ficarán proibidas as parcelacións urbanísticas, e os fraccionamentos en contra do disposto na lexislación agraria, todo elo conforme ao disposto no artigo 16 do T.R.L.S.



Pleno
17 de JUL. 1996
EL SECRETARIO

2.2. CALIFICACION.

Atendendo aos diferentes usos do chan e da edificación que se prevén, as clases de chan descritas divídense, á súa vez, nas zonas que a continuación se detallan:

2.2.1. CHAN URBANO.

Establécense as seguintes zonas:

- Zona de Edificación Intensiva (EI).
- Zona de Edificación Semiintensiva (ESI).
- Zona de Edificación Extensiva (EE).
- Zona de Núcleos Rurais Tradicionais (NRT).
- Zona de Núcleos Rurais de Recente Formación (NRRF).
- Zona de Equipamentos Públicos
- Zona de Espacios Libres e Verdes.
- Zona de Casco Histórico (pendente de Plan Especial de Protección e Reforma Interior).

- Zona Portuaria (Pendente Plan Especial de Ordenación Portuaria.)

2.2.2. CHAN APTO PARA URBANIZAR.

Establécese unha soa zona para usos maioritariamente residenciais, e turísticos: a situada entre a Insua e San Roque.

2.2.3. CHAN NON URBANIZABLE.

Establécense os seguintes tipos e zonas:

a) Núcleos Rurais Tradicionais (NRT), na que, á súa vez se fai a distinción entre a Zona Consolidada e a Zona non Consolidada pola edificación.

b) Chan Non Urbanizable Común (NUC).

c) Chan Non Urbanizable especialmente protexido.

Eiquí diferéncianse as seguintes zonas:

- Solo non urbanizable de protección de espacios naturais (SEN).

Aprobado por *Alonso*
17 JUN 1996
EL SECRETARIO de I

- Solo non urbanizable de protección do litoral costeiro (SL).
- Solo non urbanizable de protección de ríos e regatos (SR).
- Solo non urbanizable de protección de cultivos (SC).
- Solo non urbanizable de protección de masas forestais. (SMF).
- Solo non urbanizable de protección do Patrimonio Histórico-Artístico, arqueolóxico, etnográfico e cultural (SPH).
- Protección paisaxísticas das estradas (PP).